

Memoria de actividades

Università degli Studi di Padova

Ano 2025



Directora: *Rachele Fassanelli*
Lector: *Pedro Basalo Bembibre*

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

Introdución

A Universidade de Padua (Università degli Studi di Padova – UniPd) configúrase como un centro de referencia no ámbito cultural e académico europeo. Foi creada no ano 1222 e o seu lema é *Universa universis patavina libertas* (‘universal e para todos, liberdade paduana’). Formaron parte desta universidade figuras como Copérnico e Galileo. Ademais, nela tamén se produciu o nacemento da medicina moderna. Outro feito salientable foi a licenciatura en filosofía de Elena Lucrezia Cornaro Piscopia (1678), a primeira muller graduada no mundo.

Respecto da lingüística e da filoloxía, a UniPd ocupa unha posición de prestixio, con recoñecidas contribucións en ditas áreas de estudo, alén de organizar numerosas actividades académicas e culturais. Presenta, así mesmo, unha ampla oferta formativa, na que figuran a lingua e mais a literatura galegas.

O Centro de Estudos Galegos (CEG) atópase inserido na universidade dentro do Departamento de Estudos Lingüísticos e Literarios (Dipartimento di Studi Linguistici e Letterari – DiSLL), no que contan con representación as principais linguas romances, xermánicas e eslavas, así como cadansúas literaturas. A oferta académica pode consultarse na seguinte ligazón: <https://www.disll.unipd.it>.

O CEG de Padua inicia a súa andaina no 2001. Dende ese momento establécese un firme compromiso de estudo e divulgación da lingua, literatura e cultura galegas. Como proba disto, enuméranse deseguido algunhas das actividades levadas a cabo ata a actualidade e que foron detalladas nas correspondentes memorias anuais:

- Exposicións e mostras (Afonso X e Galicia; Feminidade e Letras Galegas; Entroido, o carnaval rural de Galicia; “Como cousa de encantamento”: oralidade, poesía e música na cultura galega).
- Espectáculos teatrais (*Bicos con lingua* da compañía Talía).
- Recitais (Lino Braxe e Rómulo Sanjurjo).
- Presentacións de libros (*O club da calceta*, de María Reimóndez; *A xeira das árbores*, de Teresa Moure; dúas antoloxías: *Lois Pereiro, Poesía ultima di amore e malattia 1992-1995* e *Uxío Novoneyra, Poesie della chiara certezza, Antologia 1955-1999*, de Marco Paone; as Actas do congreso *Santiago e Le Venezie*).

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

- Presenza do CEG en multitude de foros culturais (Festival SUNS Europe).
- Conferencias (Chiara Albertazzi, Simone Marcenaro, Marco Paone, Montse Pena, Carlo Pulsoni, Giuseppe Tavani etc.).
- Organización de congresos (*Congresso Internazionale di Iberistica “Viaggi e viaggiatori”*, novembro de 2023).
- Seminario Internacional de Estudos Galegos (inaugurado en Padua en maio do 2012) e Seminario Internacional “Cousas de Padua” (maio do 2017, co gallo da celebración do XV aniversario do CEG).
- Asistencia do noso alumnado aos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”, convocados pola Real Academia Galega en colaboración co Instituto da Lingua Galega e coa Universidade de Santiago de Compostela.
- Invitación de recoñecidos estudosos dos ámbitos da lingua, da literatura e da cultura galegas (Rosario Álvarez Blanco, Mariña Arbor Aldea, Mercedes Brea López, Carlos Callón Torres, María Isabel González Rey, Henrique Monteagudo Romero, Dolores Vilavedra Fernández etc.).
- Presenza nas aulas de persoas relacionadas coa situación lingüística actual do galego ou coa esfera cultural galega (Tamara Andrés).
- Colaboración con entidades galegas (Secretaría Xeral da Lingua, Consello da Cultura Galega, Mesa pola Normalización Lingüística, Instituto da Lingua Galega etc.).
- Publicación de manuais didácticos pensados para o alumnado italiano, como *Primo corso di Galego / Primeiras clases de Galego* ou a antoloxía *La letteratura galega. Autori e testi*.
- Publicación e edición de obras literarias galegas traducidas ao italiano, por exemplo, *Come braci alla notte*.
- Dirección e seguimento de teses de *Laurea Triennale* e *Magistrale*.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

No que concirne ao plan de estudos oficiais da universidade, atópase a materia de **Lingua e Literatura Galegas**, impartida por **Rachele Fassanelli**, que ten asignados 6 créditos e unha duración de 42 horas.

Relevante tamén é o *Fondo Galizia*, unha sección da biblioteca da facultade reservada para as máis de 1.200 obras que teñen que ver coa lingua, coa literatura ou con outros aspectos vencellados a Galicia. Os volumes están clasificados por áreas (A = obras literarias; B = ensaios e estudos literarios, históricos e culturais; C = lingua galega; GR.F. = enciclopedias e libros ilustrados) e dispoñibles para calquera persoa interesada. O devandito fondo pódese consultar no catálogo “Galileo Discovery” da UniPd (<https://galileodiscovery.unipd.it>).

Outro aspecto que valoriza e axuda a institucionalizar os estudos galegos é a tradución ao italiano de obras literarias ou a redacción de antoloxías e novos traballos.

En definitiva, proxectos como estes dan conta do notable compromiso por achegarmos as linguas, literaturas e culturas de Galicia e Italia.

Publicacións

A meirande parte das publicacións do CEG de Padua viu a luz na editorial romana Carocci, unha empresa de referencia no ámbito universitario en Italia. Algúns dos seus títulos máis salientables son:

- Giuseppe Tavani, *Tra Galizia e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese*, Roma, Carocci, 2001.
- Dominique Billy, Paolo Canettieri, Carlo Pulsoni e Antoni Rossell, *La lirica galego-portoghese. Saggi di metrica e musica comparata*, Roma, Carocci, 2003.
- Eduardo Blanco Amor, *A Esmorga*, tradución de Attilio Castellucci, Roma, Carocci, 2006.
- Francisco Singul, *Il Cammino di Santiago tra cultura e pellegrinaggio*, Roma, Carocci, 2007.
- Pär Larson, *La lingua delle cantigas. Grammatica del galego-portoghese*, Roma, Carocci, 2018.
- Gemma Álvarez Maneiro e Giovanni Borriero, *La letteratura galega. Autori e*

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

testi, Roma, Carocci, 2018.

→ *Don Denis, Cantigas*, edición de Rachele Fassanelli, Roma, Carocci, 2021.

Nos últimos anos, tamén se está a establecer unha frutífera colaboración coa editorial paduana Cleup e outras:

→ Santiago Serantes Blanco, *Primo corso di Galego / Primeiras clases de Galego*, Padua, Cleup, 2022.

→ *Santiago e le Venezie. Luoghi, vie e testimonianze del pellegrinaggio tra medioevo e prima età moderna*. Atti del Convegno Internazionale di Studi (Padova, 13-14 maggio 2021), a cargo de Rachele Fassanelli, Padua, Cleup, 2024.

→ Xosé María Díaz Castro, *Come braci alla notte*, tradución e edición de Rachele Fassanelli e Santiago Serantes Blanco, Bracciano, Del Vecchio Editore, no prelo.

O cumprimento do Convenio trienal entre a Xunta de Galicia e a Università degli Studi di Padova, vixente dende a súa orixe no 2001 (coas oportunas renovacións), podemos resumilo en tres puntos que sosteñen a existencia do Centro de Estudos Galegos na nosa universidade:

1. Promover o ensino-aprendizaxe da lingua, da literatura e da cultura galegas, como trazo diferenciante e máxima expresión identitaria do pobo galego.
2. Darlle continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Dipartimento di Studi Linguistici e Letterari (DiSLL).
3. Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, publicacións etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Nas páxinas seguintes, que conforman esta memoria anual do ano 2025, presentamos as actividades, proxectos e traballos que confirman que o Centro de Estudos Galegos da Università degli Studi di Padova segue fielmente os obxectivos fixados dende a súa creación e, polo tanto, cumpre co asinado nos sucesivos convenios.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

O Centro de Estudos Galegos ten sede en:
Dipartimento di Studi Linguistici e Letterari (DiSLL)
Via E. Vendramini, 13
35137 Padova
Italia

Actividades realizadas

No eido universitario realizáronse diversidade de traballos e actividades que presentamos primeiro de maneira esquemática e máis adiante de modo detallado:

1. Eido docente

Materia de Lingua e Literatura Galegas a cargo de **Rachele Fassanelli** (42 horas, segundo semestre de 2024/2025).

Lectorado de Lingua Galega (Esercitazioni di Lingua Galega), a cargo de **Pedro Basalo Bembibre** (40 horas, segundo semestre de 2024/2025).

Por outra parte, este ano o noso alumnado tivo a posibilidade de gozar do curso de verán “**Galego sen fronteiras**”, organizado en Santiago de Compostela pola RAG e o ILG en colaboración con outras institucións.

Lectorado de Lingua Galega (Esercitazioni di Lingua Galega), a cargo de **Pedro Basalo Bembibre** (40 horas, primeiro semestre de 2025/2026).

2. Estudo, investigación e presenza da lingua galega en Italia e no exterior

Conferencias e congresos no CEG de Padua:

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu a conferencia “Qualcosa di più di un carnevale: dall’Italia alla Galizia (da Venezia a Viana do Bolo)” (Aula Campagnola 1, Complesso didattico Campagnola, DiSLL, 10 de febreiro de 2025).

- **Matteo Olivieri** impartiu a conferencia “*De Mafomet a Seita. La presenza musulmana nelle Cantigas de Santa Maria*” (Aula 7, Complesso Beato Pellegrino, DiSLL, 7 de abril de 2025).

- **Lara Fernández Martínez** impartiu a conferencia “Tipoloxía e historia da

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

música galega” (en liña, 6 maio de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu o seminario “Particularidades da aprendizaxe dunha lingua minorizada: o caso do galego”, encadrado no Erasmus+ BIP “Dinámicas lingüísticas en espacios multiculturales y multilingües. Contactos y contrastividad en los procesos de interacción y cambio en las lenguas románicas” en Padua (Aula 6, Complesso Beato Pellegrino, DiSLL, 22 de setembro de 2025).

- **Chiara Albertazzi** impartiu a conferencia “Traducir minorías: unha forma de resistencia e re-existencia. A literatura galega no mercado editorial italiano” (Aula 10, Complesso Beato Pellegrino, DiSLL, 3 de novembro de 2025).

- **Brais Lorenzo Couto** impartiu a conferencia “As tradicións e as súas xentes: *Habitar o baleiro*” (en liña, 17 de novembro de 2025).

- **Brais Lorenzo Couto** impartiu a conferencia “Un proxecto multimedia para documentar un mundo que esmorece: *Habitar o baleiro*” (en liña, 18 de novembro de 2025).

- **Estela López Carracedo** impartiu a conferencia “*Rebranding* galego: o tradicional é a nova moda” (en liña, 24 de novembro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu a conferencia “Entre o tradi, a verbena e o indie: a música en galego hoxe” (Aula 10, Complesso Beato Pellegrino, DiSLL, 1 de decembro de 2025).

Presenza dos membros do CEG de Padua en actividades de diversa índole en Italia e no exterior:

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha conferencia no Centro Gallego de Madrid co título *O Entrudio de Viana do Bolo: o visible e o invisible* (Madrid, 15 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no CEIP Plurilingüe Rodolfo Núñez Rodríguez co título *O traxe de boteiro de Viana do Bolo* (Vilardevós, 18 de febreiro de 2025).

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu dúas charlas no Colexio Plurilingüe Divina Pastora sobre a figura do boteiro de Viana do Bolo (O Barco de Valdeorras, 18 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no CEIP de Prácticas de Ourense sobre o traxe do boteiro de Viana (Ourense, 24 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no Colexio Miraflores co título *Explorando o traxe do boteiro de Viana do Bolo* (Pereiro de Aguiar, 24 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso co título *Coñecendo o boteiro de Viana do Bolo* (Ourense, 25 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no CEIP O Couto co título *A voltas co boteiro de Viana do Bolo* (Ourense, 25 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no IES Salvaterra de Miño co título *As claves do Entrudio de Viana do Bolo* (Salvaterra de Miño, 26 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla divulgativa no CEP Carlos Casares co título *Aprendemos sobre o Entrudio de Viana do Bolo* (Salvaterra de Miño, 26 de febreiro de 2025).

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha conferencia na Universidad de Extremadura, encadrada dentro do ciclo de conferencias “Crecendo coa historia e cultura galega”, co título *O Entrudio de Viana do Bolo e a cultura da oralidade* (Cáceres, 11 de abril de 2025).

- **Rachele Fassanelli** participou no coloquio “Editar cantigas (de escarnio e mal dizer) no século XXI”, organizado pola Universidade da Coruña, cun relatorio titulado *Escarnio e varia lectio: algunhas reflexións* (A Coruña, 2 de outubro de 2025).

- **Rachele Fassanelli** impartiu un seminario na Universidade de Boloña co título *Introduzione alla lirica profana galego-portoghese* (Boloña, 24 de novembro de 2025).

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

- **Pedro Basalo Bembibre** moderou un coloquio co escritor Suso de Toro encadrado no festival SUNS Europe 2025 e organizou *in situ* a mostra fotográfica *Entroido, o carnaval rural de Galicia* (Údine, 27 de novembro de 2025).

Seguimento de Tesi di Laurea (no ano 2025):

- Matteo Olivieri, alumno da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2022/2023, licenciouse o 7 de xullo de 2025, cunha **Tesi di laurea magistrale** co título “*A gente d’outra lei*”: *la figura dei moros nelle Cantigas de Santa María*.

- Serena Giardiello, alumna da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2020/2021, defenderá o 10 de decembro de 2025, unha **Tesi di laurea magistrale** co título *La lirica profana galego-portoghese: il canzoniere di Pero Mafaldo (XIII sec.)*.

- Stefania Sgarro, alumna da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2023/2024, está elaborando unha **Tesi di laurea magistrale** sobre Rosalía de Castro e a condición feminina en *Cantares gallegos* e *Follas novas*.

- Beatrice Benvegnù, alumna da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2017/2018, está elaborando unha **Tesi di laurea triennale** sobre Xela Arias titulada “*Serse intempestiva*”: *proposta di traduzione di una selezione di poesie di Xela Arias*. Trátase da tradución ao italiano e da análise dunha selección de poemas da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2021.

- Matilde Ventoruzzo, alumna do lectorado de lingua galega do curso 2023/2024, está elaborando unha **Tesi di laurea triennale** sobre unha comparación entre a historia social da lingua galega e a da lingua friulana.

3. Outras actividades do CEG de Padua

Páxina web do CEG xa en fase final, proxecto que xurdiu co obxectivo de servir de ferramenta e guía de consulta para o alumnado.

Exposicións e mostras:

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

- Mostra fotográfica “Entroido, o carnaval rural de Galicia” (Compleso Beato Pellegrino, DiSLL, do 30 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2025).

- Mostra bibliográfica “Como cousa de encantamento: oralidade, poesía e música na cultura galega” (Biblioteca Beato Pellegrino, DiSLL, do 12 de maio ao 2 de xuño de 2025).

Ampliación do Fondo Galizia (Biblioteca Beato Pellegrino di Studi Letterari, Linguistici, Pedagogici e dello Spettacolo)

Seguidamente, achegamos información pormenorizada sobre cada un dos apartados anteriores, afondando nos obxectivos fixados e no seu desenvolvemento.

1. Eido docente

Materia de Lingua e Literatura Galegas (2024/2025)

Materia impartida por **Rachele Fassanelli**. Cunha duración de 42 horas, a materia ten asignados 6 créditos universitarios e desenvolveuse no segundo semestre do curso académico (marzo de 2025 – maio de 2025). As probas de avaliación tiveron lugar a partir do final do mes de xuño.

Horario das clases

luns 14.30-16.30

venres 14.30-16.30

Titorías: luns 13.00-14.30 (con cita previa)

Inserimos nesta memoria o programa tal e coma se presentou na páxina web da universidade, con toda a información necesaria. [** Vid. Anexo I*]. Tamén pode ser consultado na ligazón:

<https://didattica.unipd.it/off/2021/LT/SU/LE0598/002PD/LE05111981/N0>.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

Matriculáronse no curso 10 persoas. A docencia das clases foi responsabilidade de **Rachele Fassanelli**. O tema elixido para o curso foi “Amore e guerra”. Tras unha sección introdutoria sobre a situación sociolingüística actual en Galicia, a materia pretende esbozar a historia esencial da lingua e a literatura gallegas, dende a Idade Media ata a época contemporánea, mediante a lectura e análise dalgúns textos significativos. A primeira sección, relativa aos séculos baixomedievais, presenta o período dourado da poesía galego-portuguesa, contextualizado no panorama lírico contemporáneo en lingua vulgar. Examinará tanto poemas con temas amorosos (cantigas de amor e de amigo; por exemplo, o motivo da traizón e o conflito no amor) como composicións poéticas centradas no conflito (político, relixioso, ideolóxico, etc.; por exemplo, a relación cos mouros e xudeus nas *Cantigas de Santa María*). A continuación, o curso explorará a evolución histórica, literaria e lingüística do galego na época moderna e contemporánea, con especial atención a algunhas obras e autores importantes relacionados co tema da loita (social, de xénero, etc.) e da guerra (principalmente civil). Neste sentido, lemos textos de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Alfonso Rodríguez Castelao, Celso Emilio Ferreiro, ou Manuel Rivas, entre outros.

A presenza do alumnado nas clases foi regular ao longo do curso e o seu afán de aprendizaxe constante. Segundo o sistema avaliativo que rexe a Università degli Studi di Padova, para aprobar o curso cada estudante ha de superar unha proba oral, ademais de presentar un informe sobre unha obra en lingua galega lida na súa totalidade na lingua orixinal ou en tradución.

En canto á metodoloxía da materia, empregouse unha metodoloxía adaptada ás necesidades do momento, baseada no emprego das novas tecnoloxías. Contouse coa plataforma *Moodle*, proporcionada pola universidade, na que se introduciron todos os apuntamentos, textos literarios e bibliografía empregada, así como información referente á materia e ás actividades culturais do CEG. A teoría foi completada coa práctica real sobre textos medievais, modernos e contemporáneos, lectura, análise e estudo nas aulas. O alumnado tivo tamén a posibilidade de escoitar a versión musicada dalgún texto literario galego co fin de coñecer algunha figura relevante do panorama musical de Galicia (Uxía, Sés, Carlos Núñez, Nao etc.). A primeira clase rematou coa proxección da curtametraxe *Yu Ming Is Ainm Dom* (2003) e cunha reflexión sobre a

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

pluralidade lingüística de España e sobre o porqué de estudar unha lingua minoritaria en Italia.

O obxectivo para o alumnado tras o remate das clases foi, ademais de coñecer o panorama histórico e literario e algúns dos seus referentes máis destacados, acadar un método axeitado de análise e de interpretación, así como afondar nos aspectos histórico-literarios, lingüísticos, estilísticos, retóricos, métricos etc. A avaliación efectuouse cunha proba oral sobre o contido da materia.

Lectorado de Lingua Galega (Esercizioni di lingua galega) (2024/2025)

Materia impartida por **Pedro Basalo Bembibre**. Cunha duración de 40 horas, a materia ten asignados 3 créditos universitarios de libre configuración e desenvolveuse no segundo semestre do curso académico (en concreto, de marzo a maio de 2025). As probas de avaliación tiveron lugar na última semana de maio de 2025. [** Vid. Anexo III*].

Horario das clases

luns 16.30-18.30

martes 16.30-18.30

Titorías: (con cita previa)

A continuación achégase a ligazón da páxina web institucional onde se anuncia este curso do lectorado de galego:

<https://ssu.elearning.unipd.it/mod/forum/discuss.php?d=411284#p800054>

Aínda que en momentos puntuais a materia foi seguida por máis alumnos, cursárona con aproveitamento e realizando as probas de avaliación un total de 10 estudantes. A docencia foi responsabilidade do lector, **Pedro Basalo Bembibre**.

O obxectivo da materia era dotar os estudantes dos coñecementos necesarios para rematar as clases cun nivel A2 do MCER, de tal xeito que fosen quen de comunicar de maneira básica en situacións cotiás e familiares.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

En canto á metodoloxía, partiuse dun enfoque comunicativo e dinámico que favorecese a interacción na aula para mellorar nas competencias orais, tanto na expresión como na comprensión. Por suposto, o uso da aula virtual (Moodle) e das novas tecnoloxías estivo moi presente, mais tamén se botou man con frecuencia de textos literarios ou noticias que permitisen aos alumnos entrar en contacto coa realidade sociocultural galega.

No que respecta á avaliación, o peso fundamental da cualificación final dependeu do traballo diario e semanal na aula. Con todo, os alumnos realizaron un exame final co fin de demostrar a adquisición das destrezas orais e escritas requiridas.

Lectorado de Lingua Galega (Esercizioni di lingua galega) (2025/2026)

Materia impartida por **Pedro Basalo Bembibre**. Cunha duración de 40 horas, a materia ten asignados 3 créditos universitarios de libre configuración e desenvolveuse no primeiro semestre do curso académico (en concreto, de outubro a decembro de 2025). As probas de avaliación terán lugar a mediados de decembro de 2025. [** Vid. Anexo III*].

Horario das clases

luns 16.30-18.30

martes 16.30-18.30

Titorías: (con cita previa)

A continuación achégase a ligazón da páxina web institucional onde se anuncia este curso do lectorado de galego:

<https://ssu.elearning.unipd.it/mod/forum/discuss.php?d=411284#p800054>

Aínda que en momentos puntuais a materia foi seguida por máis alumnos, cursárona con aproveitamento e realizando as probas de avaliación un total de 6 estudantes. A docencia foi responsabilidade do lector, **Pedro Basalo Bembibre**.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

O obxectivo da materia era dotar os estudantes dos coñecementos necesarios para rematar as clases cun nivel A2 do MCER, de tal xeito que fosen quen de comunicar de maneira básica en situacións cotiás e familiares.

En canto á metodoloxía, partiuse dun enfoque comunicativo e dinámico que favorecese a interacción na aula para mellorar nas competencias orais, tanto na expresión como na comprensión. Por suposto, o uso da aula virtual (Moodle) e das novas tecnoloxías estivo moi presente, mais tamén se botou man con frecuencia de textos literarios ou noticias que permitisen aos alumnos entrar en contacto coa realidade sociocultural galega.

No que respecta á avaliación, o peso fundamental da cualificación final dependeu do traballo diario e semanal na aula. Con todo, os alumnos realizaron un exame final co fin de demostrar a adquisición das destrezas orais e escritas requiridas.

2. Estudo, investigación e presenza da lingua galega en Italia e no exterior

Durante o curso académico 2024/2025 e o primeiro semestre do de 2025/2026, o CEG ofreceu ao seu alumnado, así como ao público xeral, unha serie de actividades que se detallan a continuación:

Conferencias e congresos no CEG de Padua:

– O día 10 de febreiro de 2025 **Pedro Basalo Bembibre** impartiu a conferencia “Qualcosa di più di un carnevale: dall’Italia alla Galizia (da Venezia a Viana do Bolo)”. A actividade consistiu en explicar as principais dinámicas e personaxes do Entrudío de Viana do Bolo do xeito máis ameno, claro e dinámico posible (e tendo sempre en conta que vai dirixida a un público italiano). Para iso, empregouse material fotográfico, audiovisual e mesmo se expuxeron unha camiseta e un pantalón de boteiro. [* *Vid. Anexo IV*].

- O día 7 de abril de 2025 **Matteo Olivieri** impartiu a conferencia “De Mafomet a Seita. La presenza musulmana nelle Cantigas de Santa Maria”. Esta comunicación analizou a figura dos mouros nas *Cantigas de Santa María* de Alfonso X. En particular, examinou a presenza de descrições ou epítetos referidos aos personaxes, ás accións que realizan e aos comentarios explícitos ou implícitos que se poden extraer dos textos. [* *Vid. Anexo V*].

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

– O día 6 de maio de 2025 **Lara Fernández Martínez** impartiu a conferencia “Tipoloxía e historia da música galega”. A actividade consistiu na presentación dun amplo panorama que exploraba dende a primitiva lírica galego-portuguesa ata a música tradicional contemporánea. [* Vid. Anexo VI].

– O día 22 de setembro de 2025 **Pedro Basalo Bembibre** impartiu o seminario “Particularidades da aprendizaxe dunha lingua minorizada: o caso do galego”. A actividade presentou un panorama lingüístico, social e histórico da lingua galega, así como algunhas das vantaxes e dificultades que experimentan os estudantes de galego (comúns a outras linguas minorizadas). A tese de fondo era demostrar que, fronte a certos prexuízos ideolóxicos, toda persoa que coñeza ben unha lingua romance occidental (español, portugués, italiano etc.) pode comprender perfectamente o galego se se fala claro, lento e privilexiando o léxico panrománico durante o discurso. O público asistente procedía das universidades de Minho, Granada, Graz, Leipzig e Padua. [* Vid. Anexo VII]

– O día 3 de novembro de 2025 **Chiara Albertazzi** impartiu a conferencia “Traducir minorías: unha forma de resistencia e re-existencia. A literatura galega no mercado editorial italiano”. A actividade analizou as dinámicas de tradución das obras literarias galegas ao italiano. Durante a exposición, destacou a peaxe case obrigatoria de utilizar o español como lingua ponte para as obras galegas poderen ser traducidas a outros idiomas. Así mesmo, afondouse nas distintas estratexias e singularidades do fluxo de tradución galego-italiano [* Vid. Anexo VIII]

– O día 17 de novembro de 2025 **Brais Lorenzo Couto** impartiu a conferencia “As tradicións e as súas xentes: *Habitar o baleiro*”. A actividade abordou distintas festas tradicionais, como o Entroido, as romarías ou as festas patronais, e as súas implicacións sociolóxicas e identitarias para as pequenas comunidades do rural. [* Vid. Anexo IX]

– O día 18 de novembro de 2025 **Brais Lorenzo Couto** impartiu a conferencia “Un proxecto multimedia para documentar un mundo que esmorece: *Habitar o baleiro*”. A actividade explicou o desenvolvemento e transformación do proxecto *Habitar o baleiro* ao longo do tempo, xa que naceu dunha recompilación fotográfica e, actualmente, ten pensado culminarse cun filme documental. Así mesmo, salientouse a necesidade de dar foco e voz aos propios residentes deses lugares case deshabitados

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

(cuxo perfil é máis diverso do que se cre) co propósito de comprender as súas motivacións para continuar poboando un determinado territorio. [* Vid. Anexo X]

– O día 24 de novembro de 2025 **Estela López Carracedo** impartiu a conferencia “*Rebranding* galego: o tradicional é a nova moda”. A actividade xirou en torno ao uso das novas linguaxes audiovisuais e ao traballo nas redes para achegar unha perspectiva anovada sobre a cultura tradicional e, dese xeito, valorizala. Tamén se incidiu na importancia dunha promoción ética e formativa que, alén de ofrecer un produto, conciencie sobre o patrimonio e divulgue as pautas necesarias para conservalo nas mellores condicións. [* Vid. Anexo XI]

– O día 1 de decembro de 2025 **Pedro Basalo Bembibre** impartiu a conferencia “Entre o tradi, a verbena e o indie: a música en galego hoxe”. A actividade explorou o contexto social e a produción da música en galego composta na última década. Centrouse sobre todo nas propostas máis recentes que retoman ou actualizan as formas e dinámicas presentes na música tradicional, nos ritmos latinos da verbena e no indiepop. [* Vid. Anexo XII]

Presenza dos membros do CEG de Padua en actividades de diversa índole en Italia e no exterior:

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha conferencia co título *O Entrudio de Viana do Bolo: o visible e o invisible*. A actividade consistiu en explicar as principais dinámicas e personaxes do Entrudio de Viana do Bolo do xeito máis ameno, claro e dinámico posible. Para iso, empregouse material fotográfico, audiovisual e mesmo se expuxo un traxe completo de boteiro e moito material relativo a esta figura. [* Vid. Anexo XIII].

Leváronse a cabo sete charlas divulgativas sobre o Entrudio de Viana do Bolo en colexios de educación primaria. A actividade consistiu en explicarlles aos nenos o traxe e as funcións do boteiro de Viana do Bolo de maneira sinxela e mostrándolles cada un dos elementos da vestimenta. O obxectivo era non só concienciar da importancia do patrimonio cultural inmaterial galego, senón tamén facer desta exposición unha actividade de inmersión lingüística.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla co título *O traxe de boteiro de Viana do Bolo*. [* Vid. Anexo XIV].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu dúas charlas sobre a figura do boteiro de Viana do Bolo. [* Vid. Anexo XV].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla sobre o traxe do boteiro de Viana. [* Vid. Anexo XVI].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla co título *Explorando o traxe do boteiro de Viana do Bolo*. [* Vid. Anexo XVII].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla co título *Coñecendo o boteiro de Viana do Bolo*. [* Vid. Anexo XVIII].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla co título *A voltas co boteiro de Viana do Bolo*. [* Vid. Anexo XIX].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla co título *As claves do Entrudio de Viana do Bolo*. A actividade consistiu en explicar as principais dinámicas e personaxes do Entrudio de Viana do Bolo do xeito máis ameno, claro e dinámico posible. Para iso, empregouse material fotográfico, audiovisual e mesmo se levou material relativo aos boteiros e aos diferentes personaxes da comparsa. [* Vid. Anexo XX].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha charla co título *Aprendemos sobre o Entrudio de Viana do Bolo*. A actividade consistiu en explicarlles aos nenos o traxe e as funcións do boteiro de Viana do Bolo de maneira sinxela e mostrándolles cada un dos elementos da vestimenta. Ademais, o alumnado do CEP Carlos Casares organizou e gravou un programa de radio (Ponte... nas Ondas!) sobre a tradición do Entrudio no que tanto Pedro Basalo Bembibre como Antucho Espinosa foron entrevistados polos rapaces do centro. [* Vid. Anexo XXI].

- **Pedro Basalo Bembibre** impartiu unha conferencia co título *O Entrudio de Viana do Bolo e a cultura da oralidade*. O obxectivo desta intervención era pór de manifesto a importancia dos saberes non escritos, a necesidade de escapar dos prexuízos sobre a cultura non letrada e a presentación da tradición vianesa como unha peza máis dentro do mosaico que son as mascaradas rituais de inverno (comúns a toda Europa). [* Vid. Anexo XXII].

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

– **Rachele Fassanelli** presentou un relatorio co título *Escarnio e varia lectio: algunhas reflexións* (A Coruña, 2 de outubro de 2025). [* Vid. *Anexo XXIII*]. A comunicación tiña como obxectivo presentar algúns *loci critici* das cantigas d’escarnio e maldizer onde as variantes dos manuscritos suscitaron dúbidas e diferentes solucións editoriais. Foi unha oportunidade para reflexionar sobre algunhas cuestións ecdóticas e, por outro lado, sobre algunhas cuestións metodolóxicas relacionadas coa elaboración de glosarios.

– **Rachele Fassanelli** impartiu un seminario na Universidade de Boloña co título “Introduzione alla lirica profana galego-portoghese” (Boloña, 24 de novembro de 2025). [* Vid. *Anexo XXIV*]. O obxectivo da comunicación foi dar a coñecer aos estudantes os aspectos máis importantes da escola galego-portuguesa de temática profana, con especial atención a aqueles textos que abarcan diferentes xéneros literarios.

– **Pedro Basalo Bembibre** moderou un coloquio co escritor Suso de Toro, encadrado no festival SUNS Europe 2025, e organizou tamén *in situ* a mostra fotográfica “Entroido, o carnaval rural de Galicia”, de Roberto de la Torre (Údine, 27 de novembro de 2025). [* Vid. *Anexo XXV*].

Seguimento di Tesi di Laurea (no ano 2025):

- Matteo Olivieri, alumno da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2022/2023, licenciouse en 17/07/2025 de 2025, cunha *Tesi di laurea magistrale* co título “*A gente d’outra lei*”: *la figura dei moros nelle Cantigas de Santa María*”. Dentro do vasto panorama de estudos e achegas dedicadas ás *Cantigas de Santa María*, este traballo pretende situarse nesa estreita liña de investigacións dirixidas aos principais —pero non exclusivos— representantes da alteridade relixiosa, militar, política e social que poboan os documentos de toda a colección de milagres encargados por Afonso X: os seguidores de «Mafomete, o fillo d’Abdalla». O obxectivo principal desta investigación é ofrecer unha descrición o máis completa e detallada posible das formas en que se representan estas figuras e o papel que asumen nun número significativo de composicións da obra de Afonso.

- Serena Giardiello, alumna da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2020/2021, elaborou unha *Tesi di laurea magistrale* titulada “*La lirica*

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

profana galego-portoghese: il canzoniere di Pero Mafaldo (XIII sec.)”. Esta contribución está dedicada ás cantigas de Pero Mafaldo, trobador activo no século XIII e autor dun corpus poético composto por nove poemas: catro cantigas de amor, dúas de amigo e tres de escarnio e maldizer. Ábrese cunha presentación do panorama literario galego-portugues medieval, co obxectivo de proporcionar ao lector unha visión clara e concisa da tradición lírica na que opera o autor. O núcleo da obra é a análise de textos individuais, acompañada dunha tradución ao italiano, comentario crítico, notas métricas e observacións lingüísticas destinadas a destacar as formas máis significativas. Finalmente, o Glosario é unha colección completa das fórmulas poéticas típicas da tradición galego-portuguesa, deseñada non só para documentar todo o repertorio léxico do autor, senón tamén para destacar a variedade das súas eleccións expresivas, ofrecendo ao lector unha ferramenta útil para comprender e interpretar os textos. O obxectivo é contribuír ao redescubrimento e á valorización dunha voz menor pero significativa no repertorio trobadoresco ibérico medieval.

- Stefania Sgarro, alumna da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2023/2024, está elaborando unha ***Tesi di laurea magistrale sobre Rosalía de Castro*** y la condición feminina en *Cantares gallegos e Follas novas*.

- Beatrice Benvegnù, alumna da materia de Lingua e literatura galegas do curso académico 2017/2018, está elaborando unha ***Tesi di laurea triennale sobre Xela Arias*** titulada ***“Serse intempestiva”: proposta di traduzione di una selezione di poesie di Xela Arias***: trátase da tradución ao italiano e da análise dunha selección de poemas da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2021. O índice é o seguinte: Introducción; A autora: vida e obra; Tradución de textos e análise; Comentario sobre a tradución; Conclusións; Bibliografía.

- Matilde Ventrizzo, alumna do lectorado de lingua galega do curso 2023/2024, está elaborando unha ***Tesi di laurea triennale sobre unha comparación entre a historia social da lingua galega e a da lingua friulana***.

Publicacións:

No presente curso académico viron a luz as publicacións que seguen:

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

- **Pedro Basalo Bembibre**: “Os cigarrois de Carracedo da Serra”, *Entroido en Galicia. Onde ir, que ver*, pp. 58-59. Artigo que repasa a relación entre as palabras e as figuras do Entrudio na aldea de Carracedo da Serra (concello da Gudiña).

- **Pedro Basalo Bembibre**: “Do Prado á aira: cada cousa no seu sitio”, *O Sil*, 17 de febreiro de 2025. <https://osil.info/do-prado-a-aira-cada-cousa-no-seu-sitio> [Consultado: 19/11/2025]. Artigo que repara na idoneidade de manter unha manifestación cultural do Entrudio vianés, como é a comparsa, no seu espazo xenuíno.

- **Pedro Basalo Bembibre**: “Prefacio de *A intelixencia de Elías*, tradución de Giuseppe Coròngiu (*S'intelligèntzia de Elias*, 2022)”, en *Madrygal: Revista de estudos gallegos*, 26 (2023). Tradución de tres páxinas dunha novela en sardo ao galego.

- **Pedro Basalo Bembibre**: “Pensar fóra da caixa: o galego e as outras linguas”, en *Madrygal: Revista de estudos gallegos*, 27 (2024). Artigo que procura combater algúns prexuízos sobre o galego por medio dunha comparación con outras linguas europeas.

- **Pedro Basalo Bembibre**: “Henrique MONTEAGUDO, *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, Galaxia (Manuais, 15), 2024, 578 p.”, Henrique Monteagudo”, na *Revue de Linguistique Romane*, decembro de 2025. Recensión do libro.

Foron enviadas as seguintes propostas, que están en proceso de revisión:

- **Pedro Basalo Bembibre**: “O Entrudio de Viana do Bolo e o seu tratamento na prensa ao longo do século XX”, en *Horizontes dos estudos gallegos. Contributos no século XXI*, Braga: Humus & AIEG. Capítulo de libro que revisa a maneira na que a prensa informou sobre o Entrudio de Viana do Bolo durante o século XX, así como a incidencia desa praxe informativa na propia tradición e na consideración social da festa.

Por outra parte, o seguinte libro está xa en fase de impresión:

- ***Come braci alla notte***. Unha tradución ao italiano de *Nimbus*, de Xosé María Díaz Castro, editada por **Rachele Fassanelli** e **Santiago Serantes Blanco**.

3. Outras actividades do CEG de Padua

Páxina web do CEG de Padua:

Proxecto en fase de revisión final. Naceu co obxectivo de servir de ferramenta e guía de consulta para o alumnado. O material está organizado e á espera de ser implementado na rede. Converterase nun espazo onde dar conta de diversos asuntos:

- ❖ Dar a coñecer o CEG de Padua: orixes, obxectivos, publicacións etc.
- ❖ Divulgar a historia, lingua, literatura e cultura de Galicia.
- ❖ Literatura (períodos, figuras, obras, acontecementos, recursos, bibliografía etc.).
- ❖ Servir de ferramenta para quen comece un estudo ou investigación de calquera eido e perspectiva da lingua, literatura ou cultura galegas.
- ❖ Facer presentes os medios de comunicación galegos, así como páxinas web, redes sociais e plataformas relacionadas coa esfera cultural galega.
- ❖ Converterse nunha guía atraente e útil sobre o Camiño de Santiago.
- ❖ Fornecer un repositorio dos traballos e estudos sobre a lingua galega: teses de estudantes, traducións, investigacións etc. Tamén haberá un “*Laboratorio de tradución*”, onde terán cabida todas as traducións que se leven a cabo sobre textos en galego (non só as do alumnado de Padua, senón aberto a calquera persoa).
- ❖ Ofertar un punto de encontro e de intercambio do galego.
- ❖ Servir de contacto entre o CEG e as persoas que dende calquera parte do mundo queiran saber, preguntar, relacionarse ou colaborar connosco.
- ❖ Taboleiro de anuncios e diario de calquera seminario, congreso, evento ou nova relacionada co CEG de Padua.

Exposicións e mostras:

- Mostra fotográfica “Entroido, o carnaval rural de Galicia” (Compleso Beato Pellegrino, DiSLL, do 30 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2025). Selección de fotografías documentais de Roberto de la Torre que amosa a variedade de máscaras e

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

ritos dentro do Entroido galego. [* Vid. Anexo XXVI].

- Mostra bibliográfica “Como cousa de encantamento: oralidade, poesía e música na cultura galega”. Co gallo da homenaxe ás cantareiras e á tradición oral no Día das Letras Galegas, levouse a cabo unha exposición que, a través dos fondos presentes na nosa biblioteca e novas adquisicións, salientase a relevancia da poesía popular, da narración oral e dos cantos tradicionais para a cultura galega. A selección dos libros recolle unha ampla gama de composicións, estilos e narracións nos que a *performance* é un aspecto central, ben pola xénese mesma dos textos, ben pola súa función comunitaria na sociedade. (Biblioteca Beato Pellegrino, DiSLL, do 12 de maio ao 2 de xuño de 2025). [* Vid. Anexo XXVII].

É posible consultar o catálogo das obras seleccionadas na seguinte ligazón:

<https://biblio.unipd.it/biblioteche/beatopellegrino/notizie-eventi/como-cousa-de-encantamento>

Ampliación do Fondo Galizia (Biblioteca Beato Pellegrino di Studi Letterari, Linguistici, Pedagogici e dello Spettacolo)

Con plena consciencia de que unha biblioteca ben abastecida, ademais dunha fonte de recursos, é tamén unha boa carta de presentación da cultura galega, compráronse uns 80 libros co fin de actualizar o *Fondo Galizia* (que, a día de hoxe, conta con máis de 1200 volumes). Un dos obxectivos foi pór en valor os recentes Premios Nacionais de Poesía, Narrativa ou Teatro acadados nos últimos anos por escritoras galegas (Olga Novo, Yolanda Castaño, Chus Pato, Marilar Aleixandre, Paula Carballeira), así como tamén incorporar a produción de autores mozos (Alba Cid, Ismael Ramos, Tamara Andrés). Alén diso, adquiríronse algúns títulos clásicos que faltaban, traducións de obras literarias galegas ao italiano e outros recentes traballos imprescindibles sobre a lingua (*O libro negro da lingua galega*) e a cultura galegas (*Galaicofobia*).

Outro propósito foi afondar na variedade de disciplinas e campos do saber; en consecuencia, compráronse volumes que concirnen á música galega contemporánea (*Galicia MusiCalidade, Unha historia da música en Galicia: 1952-2018*), á etnografía —con especial atención ao Entroido— (*Mascaradas de la península ibérica*), á divulgación da cultura popular e da letrada (*Maxicamente vella, eternamente nova: a*

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

poesía popular, Somos pandeireteiras, Poetízate), á historia (*As peregrinacións a Compostela*), a ensaios galardoados (*Imperios e danzas: as Españas plurais do franquismo, Economía e poesía: rimas internas*), así como a traducións de obras galegas ao italiano (*Tempo di elegia*, de Uxío Novoneyra; *L'ultimo libro di Emma Olsen*, de Berta Dávila) e obras italianas en galego (*Cancioneiro*, de Petrarca; *As floriñas de San Francisco*). En definitiva, trátase de fornecer materiais que exploren toda a riqueza da cultura galega (quer nos saberes tradicionais, quer nas expresións artísticas e intelectuais de corte académico) e que possibiliten a investigación académica (especialmente para aqueles alumnos que desexen facer unha *tesi di laurea* sobre algún aspecto cultural galego ou mesmo sobre as traducións literarias). Prevese continuar con esta tarefa nos vindeiros anos.

Memoria anual 2025

Rachele Fassanelli > Directora do Centro de Estudos Galegos
Pedro Basalo Bembibre > Lector

Índice

Introdución	p. 2
Actividades realizadas	p. 6
1. Eido docente	p. 10
▪ Materia de Lingua e Literatura Galegas (2024/2025)	p. 10
▪ Lectorado de Lingua Galega (2024/2025)	p. 12
▪ Lectorado de Lingua Galega (2025/2026)	p. 13
2. Estudo, investigación e presenza da lingua galega en Italia e no exterior	p. 14
▪ Conferencias e congresos no CEG de Padua	p. 14
▪ Presenza dos membros do CEG de Padua en actividades de diversa índole en Italia e no exterior	p. 16
▪ <i>Seguimento de Tesi di Laurea</i>	p. 18
▪ Publicacións	p. 19
3. Outras actividades do CEG de Padua	p. 21
▪ Páxina web do CEG de Padua	p. 21
▪ Exposicións e mostras	p. 21
▪ Ampliación do Fondo Galizia (Biblioteca Beato Pellegrino di Studi Letterari, Linguistici, Pedagogici e dello Spettacolo)	p. 22
Índice	p. 24